



PLAN DIXITAL

Escola Superior de
Arte Dramática de Galicia

[Versión 2.0_ maio 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión 2023)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

NOME: Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

DIRECCIÓN: Poza Cabalo, s/n 36212 Vigo (Pontevedra)

CORREO: esad.galicia@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: www.esadgalicia.com

ETAPAS EDUCATIVAS: Enseñanzas Superiores de Arte Dramática

ALUMNADO: 168

PROFESORADO: 37

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia é un centro superior de ensinanzas artísticas que, segundo establece a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, nos seus artigos 55. 1. e 58. 2, e confirma a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, ofrece ensinanzas de arte dramática, e segundo o que determina o artigo 58.6, tamén ten a obriga de fomentar programas de investigación no ámbito das disciplinas que lle son propias. Como centro superior de ensinanzas artísticas e en función do que se establece na normativa que determina o currículo das ensinanzas que ofrece, tamén debe fomentar programas de creación escénica, tal e como recolle o Real Decreto 630/2010.

En consecuencia a ESAD de Galicia é un centro superior de ensinanzas artísticas que se debe ocupar, por igual, dos procesos de educación, investigación e creación vinculados coas disciplinas que lle son propias aos estudos superiores de arte dramática.

A Escola Superior de Arte Dramática foi creada na cidade de Vigo pola Consellería Cultura, de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia mediante o Decreto 145/2005, do 2 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia con data do 6 de xuño de 2005. Posteriormente o Decreto 42/2006, do 23 de febreiro, modificaba o antedito decreto, polo que o centro pasa a denominarse Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Atendendo á lexislación vixente a Escola Superior de Arte Dramática é un centro superior de ensinanzas artísticas que debe defender en todo momento como institución educativa os seguintes principios:

- A súa condición de centro de educación superior e súa inclusión no Espazo Europeo de Educación Superior.
- A necesidade de impartir as ensinanzas que lle son propias, na actualidade estudos superiores, mais coa lexítima aspiración de completar o ciclo de formación cos estudos de posgrao, nos que se deben incluír necesariamente os estudos de doutoramento en arte dramática.
- A necesidade de contar cun sistema de organización e funcionamento en consonancia coa súa condición de centro de educación superior.
- A súa condición de centro de investigación e de creación, que aconsella a súa inclusión na rede de centros de investigación dos Ministerios e das Consellerías con competencias na materia, para poder participar en todas as convocatorias e medidas de fomento e promoción da investigación, o desenvolvemento e a innovación. Igualmente o seu persoal docente e investigador debe incluírse nas redes e rexistros de investigadores existentes.
- A necesidade de contar cunhas infraestruturas, equipamentos e recursos axeitados ao grao de especialización das ensinanzas que imparte e á necesidade de promover programas de I+D+i vinculados coas artes escénicas.
- A necesidade de contar cun presuposto suficiente para cumprir as finalidades educativas, de investigación e creación que lle son propias.

Contribución do Plan Dixital (PD) á Programación Xeral Anual do curso 2022/23

O PD do centro para o curso 2022/2023 contemplou a formación do profesorado para mellorar no uso e aproveitamento da Aula Virtual en relación a cada unha das especialidades que impartimos.

V2205086 GT - Actualización de ferramentas dixitais para docentes na ESAD. Esta formación aportou aos/ás docentes ferramentas para poder sacarlle o máximo partido á Aula Virtual da ESADg, tendo en conta as especificidades das materias que se imparten.

1.3. Proceso de elaboración

Para elaborar o PD tivéronse en conta os resultados das enquisas feitas á comunidade educativa para a configuración do informe SELFIE. Posteriormente, e tras a realización do Test CDD escribiuse o informe DAFO (en maio de 2022).

Finalmente definíronse os obxectivos concretos e as accións a seguir no noso propio Plan Dixital para o actual curso 2022/2023.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Alumnado

- Sen conexión a wi-fi.
- 6 equipos na sala de alumnado.
- 4 equipos na biblioteca.

Profesorado

- 2 equipos na sala de profesorado.
- 18 equipos nos departamentos.

Administración

- 2 equipos.

Conserxería

- 1 equipos.

Equipo directivo

- 4 equipos.

Comúns

- 9 equipos nas aulas prácticas.
- 12 equipos nas aulas teóricas.
- 3 pantallas dixitais.
- 12 equipos portátiles.

A ESAD conta con páxina web: <https://www.esadgalicia.com>

O mantemento e reparacións do equipamento corre a cargo dunha empresa externa contratada. (*NOVOS Sistemas de Información*)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.					2.9
	Profesorado					2.3
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.					2.9
	Profesorado					2.1
	Alumnado					2.1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.					3.1
	Profesorado					2.2
	Alumnado					1.5
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.					2.9
	Profesorado					2.5
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.					3.7
	Profesorado					3.5
	Alumnado					2.6
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					3.5
	Profesorado					2.9
	Alumnado					2.4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.					3.2
	Profesorado					2.3
	Alumnado					1.9
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					3.1
	Profesorado					2.5
	Alumnado					2.1

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO			
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>21</u>	<u>38</u>	<u>55,3%</u>
SUBSTITUTO	<u>4</u>	<u>8</u>	<u>50%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71	<u>Integrador B1</u>	76,4	<u>Integrador B1</u>

2.2. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>3,8%</u>
A2	<u>9</u>	<u>34,6%</u>
B1	<u>13</u>	<u>50%</u>
B2	<u>2</u>	<u>7,7%</u>
C1	<u>1</u>	<u>3,8%</u>
C2	<u>0</u>	<u>0%</u>
TOTAL	<u>26</u>	<u>99,9%</u>

Neste curso 2022/2023, os docentes están realizando cursos de mellora en competencias dixitais para subir o seu nivel de competencias, mais da metade do claustro subiron a nivel A2 e moitos deles están actualmente en formación para obter o nivel B1 en competencia dixital.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Asistencia técnica 2. Protección de datos 3. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe	1. Equipamentos informáticos e técnicos obsoletos 2. Sen acceso á rede wi-fi 3. Sen software axeitado as novas tecnoloxías do ámbito escénico
	PERSONAL DOCENTE	1. Estratexa de comunicación 2. Participación en redes colaborativas 3. Participación en proxectos interdisciplinares	1. Formación profesional en innovación dixital 2. Falta de uso tecnolóxico na avaliación 3. Inestabilidade laboral
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1. Participación en redes colaborativas 2. Participación en proxectos interdisciplinares 3. Uso da tecnoloxía posta a súa disposición	1. Imposibilidade de empregar material dixital do propio alumnado. 2. Sen acceso á rede wi-fi 3. Non conta cos recursos informáticos necesarios 4. Ausencia de participación en procesos de autoavaliación con ferramentas dixitais.
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Participación en proxectos interdisciplinares 2. Esfuerzo orzamentario na mellora das carencias informáticas.	1. Sen estratexa dixital 2. Sistema interno de protección de datos.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Plataformas axeitadas para as necesidades do centro 2. Canles de comunicación externas 3. Actuacións da administración educativa. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de comprensión da natureza dos nosos estudos e das súas necesidades dixitais específicas 2. Material informático e técnico obsoletos 3. Software específico inexistente.
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> 1. Ámbito lexislativo non axeitado ao noso nivel de estudos 2 Perda de autonomía pedagóxica do centro
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Posibilidade de crear un vínculo cultural coa contorna do barrio de Navia (Vigo). 	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. Contactos profesionais con empresas do sector escénico e audiovisual 2. Participación en proxectos de intrrelación con outras escolas de Arte Dramática. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de recursos informáticos do centro para poder participar en proxectos interdisciplinares

3. Plan de Acción

Para a elaboración inicial do Plan Dixital de Centro (PDC) tivemos en conta os resultados do Selfie, contando coa realidade do noso DAFO e do Test CDD.

O PD ten asociado un PFPP para o curso 2022/23, que conta con dúas actuacións básicas:

1. Análise actual das necesidades específicas para o uso da Aula Virtual.
2. Formación específica para cada área de coñecemento.

Para o curso 2023/24 o PFPP deberá incluír:

1. Análise actual das necesidades específicas para o uso dos equipos tecnolóxicos asignados ao centro: petición de un PFPP sobre creación de contidos con EDI (Encerados Dixitais Integrados) e de cursos de edición de vídeo e audio, axeitados as nosas ensinanzas.
2. Formación específica nas novas competencias profesionais docentes.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

No Plan de acción no curso 2021/22

Plan de acción no curso 2022/23

Posta en marcha da aplicación **Educalidade**: <https://www.edu.xunta.gal/educalidad/> rexistrando o Plan Dixital do centro de xeito online

Para o curso 2023/24 petición de melloras tecnolóxicas, para poder axustar o centro ás necesidades do XADE, que estase a implantar no centro. Curso sobre esta aplicación web que permite xestionar diversas tarefas administrativas, tanto para docentes como para a administración.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No Plan de acción no curso 2022/23.

Espera da posta en marcha da aplicación **Inventario**: <https://www.edu.xunta.gal/inventario/> para rexistrar o inventario do material informático e tecnolóxico do centro

Para o curso 2023/24 esperase que AMTEGA entregue 20 EDI, e entre 4 e 5 ordenadores para a Administración e para a Directiva, que están bastante obsoletos para as necesidades actuais do centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción: curso 2022/23

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 (1):	Adecuar o uso da Aula Virtual do centro aos estudos superiores de Arte Dramática				Acadado	x
RESPONSABLE:	Equipo directivo, Coordinador/a TIC, xefaturas de departamentos, coordinadores de materia e docentes				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO (2)	DO	Grado de adecuación da Aula Virtual aos estudos de Arte Dramática.				
Valor de partida (3)	0%					
Valor previsto e data (4)	100%			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Análise actual das necesidades específicas para o uso da Aula Virtual	Equipo directivo Coordinador/a TIC	Decembro 2022	Equipos docentes Espazos axeitados		Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación específica para cada área de coñecemento	Xefaturas de departamentos Coordinadores/as de materia Docentes	Xuño 2023	Formadores/as Recursos informáticos e específicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción: curso 2023/24

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 2 (1):	Análise actual das necesidades específicas para o uso dos equipos tecnolóxicos asignados ao centro: petición de un PFPP sobre creación de contidos con EDI (Encerados Dixitais Integrados) e de cursos de edición de vídeo e audio, axeitados as nosas ensinanzas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, Coordinador/a TIC, xefaturas de departamentos, coordinadores de materia e docentes				Non acadado	
INDICADOR/ES OBXECTIVO (2)	DO	Grado de utilización dos EDI no desenvolvemento dos estudos de Arte Dramática				
Valor de partida (3)	0%					
Valor previsto e data (4)	100%			Xuño 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Análise actual das necesidades específicas para o uso dos EDI	Equipo directivo Coordinador/a TIC	Xaneiro 2024	Equipos docentes Espazos axeitados Recursos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Formación específica nas novas competencias docentes profesionais.	Xefaturas de departamentos Coordinadores/as de materia Docentes	Xuño 2024	Formadores/as Recursos específicos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓN A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Valoración xeral da formación dixital realizada no curso 2023/24:

1. En Abril do 2023, varios docentes realizan o curso do PFPP sobre *Actualización de ferramentas dixitais para docentes da ESADg: Aula Virtual*. Actualízanse varios cursos da AV-ESADg.
2. Case todos os docentes realizan cursos de actualización para acreditar a súa competencia dixital nos cursos de: *Formación para a acreditación para a competencias dixital docentes* nos niveis A1, A2 e B1

A avaliación do plan no cursos 2023/24 realizarase en dúas fases:

1. En outubro do 2023 o equipo directivo xunto coa persoa coordinadora TIC farán o estudo dos resultados da análise da situación feita polos equipos docentes para, a continuación, elaborar o plan de formación axeitado ás necesidades do centro.
2. En xuño do 2024 as xefaturas de departamentos e coordinadores das materias farán a análise dos cursos específicos realizados por todo o claustro.

Con isto, farase a valoración do logro dos obxectivos previos e as propostas de mellora para o próximo curso 2024/25

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do Centro enviarase por correo electrónico ao consello escolar para a súa aprobación o próximo 6 de xuño de 2023, e informarse ao Claustro na reunión do 12 de xuño de 2023. Publicación na web do novo PD antes do 30 de xuño.